

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 22 de febreiro de 2019 polo que se fai pública a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción itinerario peonil e ciclista na AC-116, treito AC-114-Meirás, de clave AC/16/063.06.

Con data do 22 de febreiro de 2019, a dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017; DOG do 20 de setembro), visto o informe da análise das alegacións, resolveu o seguinte:

«Antecedentes de feito:

Primeiro. Con data do 29 de xullo de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 143 o Anuncio do 14 de xullo de 2016 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción Itinerario peonil e ciclista na AC-116, treito AC-114-Meirás, p.q. 6+280-9+270, de clave AC/16/063.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Non obstante, o proxecto sometido a información pública abrangue un ámbito superior, alcanzando o treito ata o p.q. 12+030.

Segundo. Durante todo o trámite de información pública presentáronse alegacións, certificados e informes, e procedeuse á súa valoración.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo. Simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

CVE-DOG: bubyeyd8-8pe2-lex3-mvj0-jyuejkhmqm99



De acordo con todo o exposto, e tras os certificados, alegacións e informes presentados polos organismos oficiais competentes,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción Itinerario peonil e ciclista na AC-116, treito AC-114-Meirás, de clave AC/16/063.06, coas seguintes modificacións:

Proponse, para acadar un camiño máis homoxéneo, deseñar unha senda compartida para uso peonil e ciclista non deportivo, e reducir a sección no treito 1, comprendido entre os p.q. 6+500 a 9+275, e no treito 3, comprendido entre os p.q. 9+430 a 10+395. Esta modificación reduce a ocupación inicialmente proposta do proxecto sometido a información pública. Así mesmo, realizarase un balizamento no treito 4, entre os p.q. 10+395 ao 12+030.

Segundo. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os concellos de Narón e Valdoviño deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no cal se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou ben recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: bubyeyd8-8pe2-lex3-mvj0-jyuejkhmqm99

